# REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA

Día: 19.12.2025 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de decembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

1. 32954 (12/POC-005369)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia
Sobre o calendario de reunións e as propostas da Corporación dos Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) para negociar a recualificación profesional do persoal desta entidade
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 252f3, do 10.09.2025*

2. 39715 (12/POC-006384)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre as medidas adoptadas pola CSAG para garantir a fiabilidade e transparencia da información de audiencia que recibe
*Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 295f3, do 03.12.2025*

3. 40486 (12/POC-006395)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 4 máis
Sobre a folla de ruta da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia para os vindeiros anos no que atinxe á radio, á televisión e á plataforma AGalega
*Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 299f1, do 11.12.2025*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2025

Raquel Arias Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado o día 12/12/2025 ás 20:45
Por Raquel Arias Rodríguez

CSV: REXPG-xMaMDIpOk-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 13/12/2025 10:30:31
Nº Rexistro: 11234
Data envio: 13/12/2025 10:30:31.955

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 12/12/2025 20:45:49**

CSV: REXPG-xMaMDlpOk-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 13/12/2025 10:30:31
Nº Rexistro: 11234
Data envio: 13/12/2025 10:30:31.955

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/12/2025 10:30:49**

CSV: REXPG-xMaMDlpOk-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE MEMBROS DE

# COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA

POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

Presidenta

| | |
|---|---|
| Raquel Arias Rodríguez | P |

Vicepresidente

| | |
|---|---|
| Enrique Barreiro Sánchez | P |

Secretaria

| | |
|---|---|
| Alexandra Fernández Gómez | BNG |

**Vogais**

| | |
|---|---|
| Victor Manuel Baladrón Lamas | P |
| Cristina Campero Dorado | P |
| Juan Manuel Casares Gándara | P |
| Daniel Castro García | BNG |
| Jesús María Fernández Rosende | P |
| Silvia Longueira Castro | S |
| Paula Mouzo Mas | P |
| Armando Ojea Bouzo | M |
| Carmen María Pomar Tojo | P |
| Mercedes Queixas Zas | BNG |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| Ángel Rodríguez Conde | P |
| María del Carmen Rodríguez Dacosta | S |
| Iago Suárez Fernández | BNG |

**Reunión da Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia**

**Día: 19.12.2025        Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Preguntas

**Reunión da Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia**

**Día: 19.12.2025 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 32954(12/POC-005369)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre o calendario de reunións e as propostas da Corporación dos Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) para negociar a recualificación profesional do persoal desta entidade

*Publicación da iniciativa, 252f3, 10.09.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32954
Data envío: 01/09/2025 14:20:41.257

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión de Control da Corporación dos Servizos Audiovisuais de Galicia.**

A Corporación dispón dun convenio colectivo do ano 2015. O referido convenio encóntrase totalmente desactualizado e por iso foi denunciado pola parte social a finais de 2023.

Despois de acudir á mediación, na que se instaba á empresa a reunirse con sindicatos en aras de acadar un consenso sobre a nova clasificación profesional, no menor prazo posible, en decembro de 2023 constituíase a mesa negociadora da nova clasificación profesional do persoal da Corporación.

Concretamente, entre o 1 de xaneiro e o 1 de setembro de 2024 tiveron lugar catro xuntanzas, unha en xaneiro, outra en febreiro, a terceira en marzo e unha cuarta en xuño. Desde o 26 de xuño de 2024 non se levaron a cabo máis reunións nin se acadou acordo en firme sobre o modelo presentado pola CSAG para a nova clasificación profesional, unha conta pendente histórica.

O modelo de clasificación profesional da CSAG baséase en IV grupos profesionais por nivel formativo, 3 áreas funcionais e dentro destas áreas, diversas especialidades en función das titulacións académicas.

Malia que as propostas sindicais eran diversas, o conxunto da parte social acordou unha proposta común, reducindo os grupos a 3, e pide a adscrición directa do persoal ás novas categorías, sen pasar por proceso selectivo, en tanto que a empresa se nega a isto.

Asinado o día 01/09/2025 ás 14:19
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 01/09/2025 ás 14:19
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: REXPG-V5lIN9WbX-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32954
Data envio: 01/09/2025 14:20:41.257



A parte social pediulle á empresa que explorase a carreira profesional que hai noutras administracións, por exemplo, e que unha adecuación dos postos de traballo vía Clasificación Profesional está perfectamente prevista nun proceso de negociación no que moitas categorías xa están reclasificadas vía complemento de nivel, vía complementos de responsabilidade por funcións que non son as descritas no DOG do 92.

A dia de hoxe non hai resposta por parte da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, dado que en todo o verán a mesa negociadora non se volveu reunir.

Pola contra, o Proxecto de lei para os medios audiovisuais de Galicia no marco da sociedade dixital, deixa a porta aberta á contratación artística, modalidade “extra convenio” colectivo”, sen “axustarse ás regras do convenio colectivo nin a unha nova clasificación profesional.

A todo isto cómpre engadir as novas dinámicas de traballo que se están a implantar nos distintos centros territoriais desde o pasado 7 de xaneiro, e dos que a empresa deu conta á parte social ao inicio de mes de decembro. Foi en concreto a través dunha comisión de formación levada a cabo o 3 de decembro de 2024 na que se especificaba como no primeiro trimestre deste ano, o persoal das delegacións ía recibir a formación precisa para abordar un traballo en modo “multisoporte”, onde unha mesma persoa, neste caso unha redactora ou redactor podería asumir o traballo para tele, radio, *web* e OTT.

Desde o pasado verán, a empresa non fixo absolutamente nada por reactivar esa negociación, malia que constan, polo menos, tres solicitudes formais da parte social.

De aí a ausencia da boa fe negociadora por parte da CSAG porque entendemos que non lle interesa baixo ningún concepto aprobar a nova

CSV: REXPG-V5lIN9WbX-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

clasificación profesional.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que calendario de reunións vai establecer a entidade para tratar a negociación da recualificacion na CSAG?

2. Por que non se acadou un acordo na obsoleta clasificación profesional para os traballadores e traballadoras da CSAG?

3. Que propostas levará a CSAG á mesa negociadora do convenio?

Parlamento de Galicia, 1 de setembro de 2025

CSV: REXPG-V5lN9WbX-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32954
Data envío: 01/09/2025 14:20:41.257

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/09/2025 14:19:09**
**Silvia Longueira Castro na data 01/09/2025 14:19:20**

CSV: REXPG-V5lN9WbX-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32954
Data envio: 01/09/2025 14:20:41.257

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 14:20:41

CSV: REXPG-V5lN9WbX-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia**

**Día: 19.12.2025        Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 39715(12/POC-006384)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre as medidas adoptadas pola CSAG para garantir a fiabilidade e transparencia da información de audiencia que recibe

*Publicación iniciativa vía urxencia, 295f3, 03.12.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39715
Data envío: 28/11/2025 14:24:46.851

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 28/11/2
14:22
Por Enrique Barreiro S

Gándara

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen María Pomar Tojo, Raquel Arias Rodríguez, Enrique Barreiro Sánchez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Mas e Ángel Rodríguez Conde**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral, para a súa tramitación polo procedemento de urxencia ante a **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia**

**Xustificación da urxencia**

*A urxencia vén motivada pola necesidades de coñecer polo miúdo as medidas adoptadas pola Corporación para garantir a fiabilidade e transparencia da información sobre audiencias que recibe*

Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 28/11/2025 ás
14:22
Por Raquel Arias Rodríguez

A directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) expresou na Comisión de Control da Cámara galega que no ente público estaban moi atentos "ás auditorías que se lle fan ao medidor e ás penalizacións que se lle foron aplicando a Kantar Media polas súas desviacións nas medicións de audiencia da Televisión de Galicia (TVG) nos dous últimos anos".

Xa no primeiro semestre de 2024, no que a TVG rexistrou unha anómala caída de audiencias, segundo Kantar Media, mentres, no mesmo período, mantiña un sobrado liderado segundo o Estudo Xeral de Medios, o ex director xeral da Corporación trasladou a esta Comisión que, por primeira vez na historia Kantar Media, tivera que aceptar unha penalización da TVG por desviacións nas medición de audiencias.

Agora, as noticias que vanse coñecendo, a pesar de que hai un hermetismo total ao redor deste medidor, apuntan a que no mes de outubro deste 2025 producíronse desaxustes "no 25% dos días do mes" nas medicións efectuadas á TVG.

Son numerosas as críticas recollidas pola prensa e polos operadores de servizo público audiovisual que cuestionan a fiabilidade, representatividade e transparencia do sistema de medición de audiencias de Kantar Media que, nos últimos meses, parece favorecer á Televisión Española.

Asinado o día 28/11/2025 ás
14:22
Por Carmen Pomar Tojo

CSV: REXPG-8422a5Wkg-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39715
Data envio: 28/11/2025 14:24:46.851



É polo que, as deputadas e os deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulamos as seguintes preguntas:

1. Pode a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) explicar con detalle os datos que Kantar Media lle vén asignando á TVG nos últimos dous anos, especificando, se existen, aqueles períodos nos que se rexistraron anomalías, desviacións ou penalizacións aplicadas ao medidor?

2. Cales son as medidas adoptadas pola Corporación para garantir a fiabilidade e transparencia da información de audiencia que recibe?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2025

CSV: REXPG-8422a5Wkg-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39715
Data envio: 28/11/2025 14:24:46.851

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 28/11/2025 14:22:09
Raquel Arias Rodríguez na data 28/11/2025 14:22:24
Enrique Barreiro Sánchez na data 28/11/2025 14:22:30
Víctor Baladrón Lamas na data 28/11/2025 14:22:48
Cristina Campero Dorado na data 28/11/2025 14:22:59
Juan Manuel Casares Gándara na data 28/11/2025 14:23:08
Jesús María Fernández Rosende na data 28/11/2025 14:23:57
Paula Mouzo Mas na data 28/11/2025 14:24:03
Ángel Rodriguez Conde na data 28/11/2025 14:24:14

CSV: REXPG-8422a5Wkg-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39715
Data envio: 28/11/2025 14:24:46.851

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/11/2025 14:24:47**

CSV: REXPG-8422a5Wkg-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia**

**Día: 19.12.2025 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 40486(12/POC-006395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre a folla de ruta da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia para os vindeiros anos no que atinxe á radio, á televisión e á plataforma AGalega

*Publicación iniciativa vía urxencia, 299f1, 11.12.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:08:15
Nº Rexistro: 40486
Data envío: 04/12/2025 12:08:15.502

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 04/12/2
12:07
Por Alexandra Fernár

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de Control da CSAG polo trámite de urxencia**, sobre o futuro da CSAG.

Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 04/12/2025 ás
12:07
Por Iago Suárez Fernández

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione sobre esta cuestión

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois da renovación da Dirección Xeral da CSAG e da nova etapa que se abriu na radio e televisión pública de Galiza é evidente que un dos grandes retos que ten por diante a Corporación é garantir o cumprimento da súa misión de servizo público e achegar novos públicos nun escenario altamente competitivo na televisión lineal sen perder de vista as novas formas de consumo audiovisual.

Asinado o día 04/12/2025 ás
12:07
Por Olalla Rodil Fernández

Os últimos datos de audiencias, que como xa trasladou o G.P do BNG en anteriores ocasións sitúan a televisión pública de Galiza en mínimos históricos, así como as mudanzas na programación evidencian a necesidade de abordar cal é a folla de tura da nova dirección. Cara á onde quere levar a radio e televisión pública de Galiza.

CSV: REXPG-D59FeLSGK-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:08:15
Nº Rexistro: 40486
Data envio: 04/12/2025 12:08:15.502

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de Control da CSAG polo trámite de urxencia:

Cal é a folla de ruta da DX da CSAG para os próximos anos?

Cara á onde quere levar a nova DX a radio, a televisión e a Plataforma AGAlega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-D59FeLSGK-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:08:15
Nº Rexistro: 40486
Data envío: 04/12/2025 12:08:15.502

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2025 12:07:20**
**Iago Suárez Fernández na data 04/12/2025 12:07:28**
**Alexandra Fernández Gómez na data 04/12/2025 12:07:39**
**Daniel Castro García na data 04/12/2025 12:07:46**
**Mercedes Queixas Zas na data 04/12/2025 12:07:56**

CSV: REXPG-D59FeLSGK-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2025 12:08:15
Nº Rexistro: 40486
Data envio: 04/12/2025 12:08:15.502

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 12:08:16

CSV: REXPG-D59FeLSGK-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/